



## BOLETÍN SETEMBRO 2023

### APE GALICIA – NOVAS

- ✓ REUNIÓN DA MESA DO TRABALLO AUTÓNOMO
- ✓ ENTREGA DAS MEDALLAS EMILIA PARDO BAZÁN
- ✓ ENTREGA XII PREMIOS JOVEN EMPRESARIA/O E INICIATIVA EMPRENDEDORA DE GALICIA
- ✓ XORNADA FORMATIVA DE RISCOS PSICOSOCIAIS E ACOSO LABORAL
- ✓ XORNADA FORMATIVA DE RISCOS ERGONÓMICOS NO TELETRABALLO
- ✓ XORNADA FORMATIVA DE PRL PARA PERSOAS TRABALLADORAS AUTONOMAS CON E SEN EMPREGADOS
- ✓ CURSO DE PRIMEIROS AUXILIOS E EMERXENCIAS EN PONTEVEDRA

### INFORMACIÓN PARA AUTÓNOMOS

- ✓ AXUDAS DO PROGRAMA DE COMERCIO CIRCULAR
- ✓ AMPLIACIÓN PRAZO DE SOLICITUDE DO BONO TALENTO EMPRESA
- ✓ NOVA EDICION DOS BONOS ACTIVA COMERCIO

## APE GALICIA - NOVAS

### ❖ REUNIÓN DA MESA DO TRABALLO AUTÓNOMO

O 4 de setembro tivo lugar unha nova reunión da Mesa do Traballo Autónomo presidida pola Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, Elena Rivo, á mesma foron convocados, en representación de APE Galicia, o seu presidente, Jose Ramón Caldas e Sonia Acuña, Secretaria Xeral da entidade.



A Conselleira referiuse á importancia do colectivo autónomo para a riqueza e a economía de Galicia sendo a comunidade con maior peso das persoas traballadoras autónomas que xunto coas pequenas empresas representan o 97% do tecido produtivo.

Tras facer un repaso das axudas postas en marcha desde a Xunta de Galicia incidíuse na importancia da Rede de Polos de Emprendemento que presta asesoramento individualizado a persoas emprendedoras de Galicia para acadar a dinamización do territorio

creando emprego de calidade e o asentamento da poboación.

Así mesmo fíxose un repaso das axudas (algunhas aínda en prazo de solicitude durante este mes de setembro) e destacou a disposición da Xunta para escoitar aos autónomos e as súas necesidades.

Durante o transcurso da reunión abordouse a AXENDA de IMPULSO ó EMPREGO AUTÓNOMO 2023-2026, que contará cun presuposto superior ós 200 millóns de euros dando conta da aposta desta Consellería no avance e consolidación da rede de apoios ó colectivo de persoas autónomas da nosa comunidade.

### ❖ ENTREGA DAS MEDALLAS EMILIA PARDO BAZÁN

O presidente de APE Galicia e a secretaria xeral Sonia Acuña acudiron en A Coruña á entrega das Medallas Emilia Pardo Bazán que a Xunta de Galicia concedeu o pasado día 19 de setembro.

Durante o acto premiouse, entre outros, ó colectivo Executivas de Galicia, entidade moi vinculada a nosa asociación e con quen recentemente firmouse un convenio de colaboración.

Este galardón creado pola Xunta de Galicia en 2019, recoñece a contribución de persoas e entidades para construír unha sociedade máis igualitaria, xusta e solidaria.

Cada ano a Xunta ven concedendo estas condecoracións de carácter honorífico que levan o nome de Emilia Pardo Bazán como muller

precursora na defensa dos dereitos das mulleres e do feminismo e reivindicadora da educación das mulleres, ideas todas elas que trasladou á súa obra literaria.

Nesta edición, xunto á Fundación Secretariado Gitano e á Delegada de Igualdade do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, otrogouse este recoñecemento a EXECUTIVAS DE GALICIA, tanto pola súa loita na igualdade de oportunidades entre mulleres e homes coma polo recoñecemento público de mulleres profesionais destacadas polo seu prestixio e traxectoria a través do proxecto “Referentes Gallegas”.

#### ❖ **XII PREMIOS JOVEN EMPRESARIA/O E INICIATIVA EMPRENDEDORA DE GALICIA**

O día 21 de setembro no Hotel Attica 21 de Samil tivo lugar a entrega dos XII *Premios Joven empresario/a e iniciativa emprendedora de Galicia*, onde acudiron o Presidente de APE Galicia e a Secretaria Xeral que puideron ser testigos do gran potencial do emprendemento e das iniciativas que hoxe en día están presentes na nosa comunidade.

Entre os case de 200 invitados, atopábanse presentes autoridades políticas como o presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda; a tenente de alcalde de Vigo, Elena Espinosa ou a vicepresidenta da Deputación de Pontevedra, Marta Fernández-Tapias.

O xurado decidiu otorgar o premio *Joven Empresario de Galicia* a David Candal, fundador de Servicios Reunidos, compañía fundada en A

Coruña no ano 2012 e especializada en externalización de redes comerciais e xestión do punto de venta. Ademais, diseñaron e puxeron no mercado unha plataforma propia que proporciona información en tempo real acerca dos produtos ofertados e os da competencia.

O premio a Iniciativa Emprendedora entregouse a Ramón Méndez polo seu proxecto *Tu Buen Camino*, unha axencia de viaxes que desde 2021 ven especializada no Camiño de Santiago. Ademais destes dous premios concedéronse 3 premios accésits para poñer en valor a innovación, a responsabilidade social empresarial e a creación de emprego de outras iniciativas empresariais presentadas ao certame.



## INFORMACIÓN PARA AUTÓNOMOS

### ❖ AXUDAS VIXENTES NO MES DE SETEMBRO

Ao longo deste mes de setembro rematou o prazo para solicitar diversas axudas dirixidas ao colectivo autónomo

- BONO AUTÓNOMO, para mellorar a competitividade empresarial
- BONO XEMPRE AUTÓNOMO, dirixido a persoas desempregadas que inicien a súa actividade por conta propia
- AXUDAS AO EMPRENDEMENTO, axudas ao financiamento do investimento realizado.

### ❖ AXUDAS BONO TALENTO EMPRESA

O 25 de setembro o DOG amplía o prazo de presentación de solicitudes para esta axuda para o suposto de accións formativas a realizar no ano 2024 que poderán ser solicitadas ata o 3 de novembro (incluído).

Recordamos que estas axudas publicadas o pasado mes de xullo, están dirixidas á formación non formal mediante a realización de proxectos formativos de curta duración co obxectivo de mellorar as capacidades das empresas e contribuir ao desenvolvemento profesional dos seus cadros de persoal.

Con esta publicación no DOG amplíase o prazo para solicitar axudas no caso de acción formativas que se teñan previsto realizar no ano

2024, puidendo neste caso solicitarse ata o 3 de novembro de 2023.

### ❖ PUBLICACIÓN DAS AXUDAS DO PROGRAMA COMERCIO CIRCULAR

Por outra banda, o DOG publicou as bases das **axudas para a execución de actuacións de comercio sostible e circular** da que se poderán beneficiar comercios minoristas, obradoiros artesáns e asociacións de comerciantes que teñan a condición de Centro Comercial Aberto sempre que cumpran os requisitos establecidas nas bases e o prazo de presentación de solicitudes é dun mes, rematando o vindeiro día 9 de outubro.

Os comerciantes minoristas ou artesáns poderán subvencionar:

- Caixas e sobres de cartón ou papel reciclado.
- Recheos, proteccións acolchadas e escumas para a embalaxe.
- Cordas ou cintas de rafia, algodón ou outros materiais naturais.
- Film de material biodegradable.
- Etiquetas.
- Pegamento e cinta adhesiva.
- Bolsas comerciais de fibras naturais ou material reciclado.

E no caso de Asociacións de comerciantes, bolsas comerciais de fibras naturais ou material reciclado.

Require unha inversión mínima de 1000€ e as axudas, establecéndose nas bases uns porcentaxes de subvención sobre os investimentos máximos subvencionables e concederanse en réxime de concorrencia non competitiva suxeito ó réxime de axudas de *mínimis*.

#### ❖ **AXUDAS A CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO**

Tamén publicáronse no DOG as axudas aos Centro Especiais de Emprego para garantir a empregabilidade de persoas con discapacidade poñendo en marcha tres programas:

\*Axudas ás unidade de Apoio

\*Axudas á creación de postos de traballo estables e adaptación de postos.

\*Axudas ao mantemento do custo salarial de persoas con discapacidade.

Todas elas orientadas aos Centros Especiais de Emprego e sendo as persoas destinatarias finais persoas cun grado de discapacidade recoñecido superior ou igual ao 33% que teñan un contrato laboral co CEE ou que sexan persoas socias trabaladoras, no caso de que o CEE sexa unha cooperativa, e que desempeñen o seu posto de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia.

O prazo de solicitudes é dun mes, atópase aberta ata o 11 de outubro, o período subvencionable é do 1 de xullo ata o 30 de novembro deste ano; sendo a data máxima para a xustificación o 31 de decembro de 2023.

#### ❖ **NOVA EDICION DO BONOS ACTIVA COMERCIO**

O mes de setembro remataba coa publicación no DOG dunha nova edición dos Bonos Activa Comercio.

Coma noutras ocasións ábrese en primeiro lugar o prazo para que os comercios que desexen adherirse ó programa podan facelo a través da páxina <https://www.bonosactivacomercio.gal/>


Teñen de prazo desde o 30 de setembro ata o 15 de decembro.

Será a partir do 9 de outubro cando as persoas usuarias poderán descargarse os bonos e comezar a utilzalos nos establecementos adheridos.

## OUTRAS NOVAS DE INTERESE

### ❖ HORARIO APE GALICIA

Na sede principal de APE Galicia en Pontevedra retomamos o noso horario habitual coa chegada do mes de setembro.



### ❖ FORMACION PARA DESEMPREGADOS

Outro ano máis APE Galicia ten concedido a impartición de dúas formacións destinadas a persoas en situación de desemprego.

En concreto son Organización e xestión de almacéns e Xestión de chamadas de teleasistencia que teñen previsto o seu comezo nos meses de outubro e novembro na sede de APE Galicia.



## APE FORMACIÓN

### ❖ XORNADAS FORMATIVAS DE PRL

En setembro arrancaron as Xornadas formativas dentro do Programa de Formación e sensibilización en materia de PRL que APE Galicia ten previsto celebrar ao longo deste mes de setembro, e tamén durante o mes de outubro.

O venres 1 de setembro celebrouse a primeira destas xornadas que, baixo o título RISCOS PSICOSOCIAIS E ACOSO LABORAL e da man do relator Pedro Bruzos, do Grupo ISONOR, amosou como realizar unha correcta avaliación dos factores psicosociais, a importancia de dispoñer dun protocolo de prevención dos tres tipos de acoso: laboral, sexual e por razón de sexo, e as diferenzas e particularidades de cada un.



Ademais, permitiu obter unha visión global da prevención de riscos e incluíronse formas e

medidas de actuación en todas as especialidades, sen descoidar as medidas organizativas.

Na hora e media que durou a formación os asistentes puideron entender o valor de alimentar unha boa cultura preventiva en todos os niveis da organización.

A xornada celebrouse na Sede de APE Galicia en Pontevedra e tamén retransmitiuse por streaming para todas aquelas persoas que, por diferentes razóns, non podían desprazarse ata a nosa sede.

O segundo venres de setembro celebrouse a segunda xornada de Prevención de Riscos baixo o título RISCOS ERGONÓMICOS NO TELETRABALLO, na que o relator Alberto Estévez do Grupo ISONOR fixo un repaso dos riscos asociados ao teletraballo, amosando como debe ser unha distribución ergonómica da área de traballo así como unha serie de pautas saudables a seguir durante as xornadas laborais.


Ao igual que sucedera coa primeira das xornadas, foi retransmitida por ZOOM desde a sede de APE en Pontevedra, para todos aquelas persoas inscritas e que por diferentes motivos non puideron asistir de forma presencial.



Rematamos a primeira edición destas xornadas o día 14 coa charla sobre *PRL para persoas traballadoras autónomas con e sen empregados*, durante a mesma o relator centrouse no colectivo autónomo e nas súas peculiaridades neste ámbito da prevención, facendo as diferencias que existen no caso de que tiveran traballadores ó seu cargo ou non.

A importancia da prevención é ben coñecida pero as persoas traballadoras autónomas teñen algunhas peculiaridades que é preciso coñecer e aplicar.

Tamén esta derradeira xornada celebrouse en streaming desde a Sede de APE Galicia en Pontevedra cunha duración de 2 horas e tivo un gran éxito de participación.



Temos previsto repetir estas xornadas no mes de outubro de modo que todas aquelas persoas que, por diversas razóns, non puideron inscribirse nestas xornadas, teñan unha nova oportunidade.

Adiantamos que estas datas son:

*RISCOS PSICOSOCIAIS NO TRABALLO E ACOSO LABORAL* o 5 de outubro.

*RISCOS ERGONÓMICOS E NO TELETRABALLO* o 11 de outubro.


*PRL PARA PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS CON E SEN EMPREGADOS* o 20 de outubro.

Todas elas serán tamén retransmitidas en streaming para facilitar a participación de todas aquelas persoas interesadas que non poidan acudir de forma presencial e será preciso inscribirse na nosa web [www.apegalicia.gal](http://www.apegalicia.gal)

❖ **2º EDICION DOS CURSOS ONLINE GRATUÍTOS EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS**


APE Galicia organizou durante os primeiros días deste mes de setembro a segunda edición da formación Online en materia de Prevención.





Do 1 ao 7 de setembro, financiado pola Xunta de Galicia e baixo o título *Riscos Psicosociais e estrés laboral*, os inscritos no curso recibiron formación para identificar os factores que afectan á psicocioloxía do traballo e coñecer os riscos psicosociais e de saúde mental no traballo e analizar que estratexias de xestión do estrés existen e como levalas á práctica e deste modo desenvolver a capacidade de comunicación e negociación precisa para afrontar e previr conflitos.

Por outra banda, entre os días 4 e 8 e as persoas inscritas no Curso de *Riscos Psicosociais no traballo e acoso laboral* recibiron información e



as ferramentas precisas para identificar deficiencias na organización do traballo nas súas empresas e aquelas condutas constitutivas de acoso que podían producirse na súa contorna e así teñan

capacidade para actuar desde a prevención e a protección da saúde das persoas traballadoras fronte a este tipo de riscos.

## ❖ CURSO PRESENCIAL DE PRIMEROS AUXILIOS E EMERXENCIAS

O 13 de setembro na sede de APE Galicia en Pontevedra tivo lugar o segundo dos catro cursos de Primeiros Auxilios e Emerxencias que a nosa asociación ten previsto celebrar durante os meses de setembro e outubro nas catro provincias e que comencaran no mes de xullo coa edición celebrada en A Coruña tal e como informamos no seu momento.

Este curso encádrase dentro da programación de formación e sensibilización en materia de Prevención de Riscos Laborais que APE ven organizando co financiamento da Xunta de Galicia.



O curso tivo gran éxito de participación, e as 20 persoas inscritas tiveron a oportunidade de adquirir nocións básicas sobre primeiros auxilios e socorrismo así como a realización da reanimación cardiovascular e o manexo dun ferido.

Dentro dos obxectivos da formación estaban sabe como interromper unha hemorraxia externa e saber limpiala así como curar feridas incluíndo a forma de actuar ante queimaduras e coñecer e tratar lesións oculares.

Durante as 8 horas de formación todos os asistentes participaron activamente e amosaron estar moi satisfeitos co aprendido.

Está previsto que no mes de outubro se repita este curso de primeiros auxilios en Lugo (os días 17 e 18) e Ourense (os días 3 e 5).

Para toda aquela persoa interesada en participar poden ampliar a información na nosa web [www.apegalicia.gal](http://www.apegalicia.gal)

#### ❖ CURSOS GRATUÍTOS PARA PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS

MAUDE STUDIO mantén abertas as inscricións para reservar praza nos seus cursos gratuítos para persoas traballadoras autónomas de calquera sector: Desde Comercio electrónico, inglés empresarial, ofimática e moitos máis.

Serán impartidos en modalidade ONLINE para que o horario non sexa un problema na formación.

**CURSOS GRATUITOS PARA AUTÓNOMOS**

- CREACIÓN DE BLOGS Y REDES SOCIALES
- CREACIÓN, PROGRAMACIÓN Y DISEÑO DE PÁGINAS WEB
- GESTIÓN DE COMPRAS INFORMATIZADA
- ESTRATEGIA Y COMUNICACIÓN EMPRESARIAL
- INGLÉS EMPRESARIAL
- OFIMÁTICA
- Y muchos más...

Dirigido a:  
Autónomos de cualquier actividad

MODALIDAD ONLINE

100% GRATUITO  
100% SUBVENCIONADO

Infórmate  
986 160 003  
msueiro@tuett.com

Financiado por la Unión Europea

Do mesmo modo, MAUDE STUDIO ten en marcha CURSOS GRATUITOS dirixidos a PROFESIONAIS DE DISTINTOS SECTORES:

**CURSOS GRATUITOS SECTOR COMERCIO**

- ATENCIÓN AL CLIENTE Y CALIDAD DEL SERVICIO
- COMPETENCIAS DIGITALES BÁSICAS Y AVANZADAS
- CREA TU TIENDA ON-LINE CON PRESTASHOP
- DISEÑO DEL MONTAJE DE ESCAPARATES
- MARKETING ON LINE: DISEÑO Y PROMOCIÓN DE SITIOS WEB
- PERSONAL SHOPPER EN COMERCIO
- Y muchos más...

Dirigido a:  
Autónomos y trabajadores del sector

MODALIDAD ONLINE

100% GRATUITO  
100% SUBVENCIONADO

Infórmate  
986 160 003  
msueiro@tuett.com

Financiado por la Unión Europea

**CURSOS GRATUITOS**  
**SECTOR ENERGÍA**

ATENCIÓN AL CLIENTE Y CALIDAD DEL SERVICIO  
ATENCIÓN AL CLIENTE Y VENTA EN ESTACIONES DE SERVICIO  
TÉCNICAS DE VENTAS EN ESTACIONES DE SERVICIO  
ORGANIZACIÓN DE ESTACIONES DE SERVICIO  
COORDINACIÓN Y GESTIÓN DE ESTACIONES DE SERVICIO  
Y muchos más...

Dirigido a:  
Autónomos y  
trabajadores del sector

MODALIDAD  
ONLINE

**100% GRATUITO**  
**100% SUBVENCIONADO**

Infórmate  
☎ 986 160 003  
✉ msueiro@tuelf.com

Financiado por la Unión Europea  
RE

Para ampliar esta información o teléfono disponible é o 986 160 003.



Para mais información, visita as nosas webs:

# APE GALICIA

Tfno.: 986 89 16 57

Móvil: 697 195 540

E-mail:

[info@apegalicia.es](mailto:info@apegalicia.es)

Dirección: Gajos de  
Mendoza Nº2, Bajo 2 -  
36001 Pontevedra



<http://www.apegalicia.gal/>

O nas nosas redes sociais:



<https://www.facebook.com/ApeGalicia>



[https://www.instagram.com/ape\\_galicia/](https://www.instagram.com/ape_galicia/)

